



Paraíso  
entre ríos

PADERNE XULLO 2016

# INFORMACIÓN MUNICIPAL

## Traballando por Paderne

### A xestión das contas

Rematamos o exercicio 2015 cun remanente de tesourería positivo de **508.775,65 €**; novamente seguimos afrontando estes presupostos sen ningún tipo de débeda, cun período de pago a provedores de 26 días e fóra do período legal de pago de cero días. **Podemos dicir con orgullo, que o concello de Paderne, non lle debe nada a ninguén.**

Cumprindo co obxectivo de estabilidade presupostaria, situamos a nosa xestión económica nunha boa posición para afrontar as necesidades dos veciños loitando novamente por un traballo limpo e transparente en beneficio de todos.

O noso fin é sempre servir ás xentes de Paderne sen descoidar as necesidades básicas; así o alumeadado, as obras, o mantemento de servizos, a recollida selectiva



do lixo, as actividades culturais, os servizos sociais e atención a dependencia, a infancia e a promoción económica e de emprego, son partidas fundamentais nestes presupostos porque forman parte da vosa vida diaria e dos vosos problemas.

Intentamos sempre estar á altura da confianza depositada e de que vos sintades orgullosos da xestión económica que realizamos; iso danos forzas para traballar con ilusión para, todos unidos, sentirnos orgullosos de ser de Paderne.

*O voso Alcalde*

## O Alcalde realizará a presentación das actividades o VENRES día 9 de SETEMBRO ás 20:30 h. no Salón de Sesións da Casa do Concello

PADERNE				
<i>LUNS</i> Tapiz 18:15 – 20:15	<i>MARTES</i> Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	<i>MÉRCORES</i> Informática perfeccionamento 20:00-21:00	<i>XOVES</i> Barro e cerámica 17:00 – 19:00	<i>VENRES</i> Pintura e Manualidades 17:00-19:00
Labores 20:30 – 22:30	Corte e confección 20:30 – 22:30		Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Pilates 19:45 – 20:45
				Informática Inic. 19:30-20:30

ADRAGONTE		
<i>MARTES</i> Manualidades 20:00-22:00	<i>MÉRCORES</i> Corte e confección 20:30 – 22:30	<i>XOVES</i> Barro e cerámica 19:30 – 21:30

VIÑAS		
<i>LUNS</i> Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	<i>MÉRCORES</i> Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	<i>VENRES</i> Pilates 18:30 – 19:30

VIGO		
<i>MARTES</i> Labores 16:00 – 18:00	<i>MÉRCORES</i> Ximnasia de mantemento 16:15 – 17:00	<i>VENRES</i> Ximnasia de mantemento 16:15 – 17:00

VELOUZÁS	
<i>MARTES</i> Ximnasia de mantemento 18:15-19:00	<i>XOVES</i> Ximnasia de mantemento 18:15-19:00

QUINTAS			
<i>LUNS</i> Ximnasia de mantemento 21:15-22:00	<i>MARTES</i> Cociña Grupo 1	<i>MÉRCORES</i> Ximnasia de mantemento 21:15-22:00	<i>XOVES</i> Cociña Grupo 2

VILAMOUREL	
<i>MARTES</i> Ximnasia de mantemento 20:15 – 21:00 Baile 22:00 – 23:30	<i>XOVES</i> Ximnasia de mantemento 20:15 – 21:00

SOUTO			
<i>LUNS</i> Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	<i>MARTES</i> Barro e cerámica 19:30 – 21:30	<i>MÉRCORES</i> Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	<i>VENRES</i> Manualidades Restauración 19:30-21:30

**¡¡ITES ATA O  
7 DE SETEMBRO  
PARA REALIZAR A  
TÚA INSCRIPCIÓN!!**

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2016-2017

### COMEZO CO CURSO ESCOLAR: 12 de setembro

#### BAIXO DA CASA DO CONCELLO

<i>LUNS</i>	<i>MÉRCORES</i>
Reforzo de matemáticas (5º e 6º primaria) 17:30 – 18:30	Reforzo de matemáticas (5º e 6º primaria) 17:30 – 18:30
Reforzo de matemáticas (3º e 4º primaria) 18:30 – 19:30	Reforzo de matemáticas (3º e 4º primaria) 18:30 – 19:30 Inglés ESO 19:30 – 20:30

#### BIBLIOTECA E AULA DE INFORMÁTICA

<i>LUNS</i>	<i>MARTES</i>	<i>MÉRCORES</i>	<i>XOVES</i>	<i>VENRES</i>
Inglés infantil 16:20 – 17:30	Reforzo de lingua (3º e 4º primaria) 16:30 – 17:30	Inglés (1º e 2º primaria) 16:20 – 17:30	Reforzo de lingua (3º e 4º primaria) 16:30 – 17:30	Informática infantil 17:30 – 18:30
Inglés (3º e 4º primaria) 17:30 – 18:30	Reforzo de lingua (3º e 4º primaria) 17:30 – 18:30	Inglés (3º e 4º primaria) 17:30 – 18:30	Reforzo de lingua (3º e 4º primaria) 17:30 – 18:30	18:30 – 19:30
Inglés (5º e 6º primaria) 18:30 – 19:30	Reforzo de lingua (5º e 6º primaria) 18:30 – 19:30	Inglés(5º e 6º primaria) 18:30 – 19:30	Reforzo de lingua (5º e 6º primaria) 18:30 – 19:30	
Inglés ESO 19:30 – 20:30	Reforzo de lingua (5º e 6º primaria) 19:30 – 20:30		Reforzo de lingua (5º e 6º primaria) 19:30 – 20:30	

#### POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

<i>LUNS</i>	<i>MARTES</i>	<i>MÉRCORES</i>	<i>XOVES</i>	<i>VENRES</i>
Fútbol sala 17:00 – 18:18	Patinaxe (3 a 6 anos) 17:15 – 18:00	Psicomotricidade (3 a 6 anos) 17:15 – 18:00	Patinaxe (7 a 10 anos) 16:00 – 17:00	Axedrez 17:15 – 18:15
Balonman 18:00 – 19:00			Bádminton 17:00 – 18:00	

**APÚNTATE ATA O 7 DE SETEMBRO**

## Plan de Medio Ambiente

Co obxecto de realizar actividades e investimentos que contribúan a manter e mellorar o entorno natural e a calidade ambiental, o Concello de Paderne ven de recibir, da Deputación da Coruña, un total de **43.984,62 €** dentro do novo Plan de Medio Ambiente.

Contémplanse as seguintes actuacións:

- **Mantemento e reparación das depuradoras de Donín, na parroquia de Vigo, da depuradora de Obre e da depuradora de Paderne por un importe de 32.000 €**
- **Contratación da cuadrilla de peóns para medio ambiente por un importe de 11.984,62 €**

Con elo, ademáis de contribuír á conservación das instalacións e ó correcto mantemento de espazos verdes, estase a contribuír á creación de postos de traballo, un dos obxectivos sempre presentes nas actuacións municipais.

## Plan de Acción Social 2015 (PAS 2015)

O Concello ven de realizar a contratación das obras incluídas no PAS 2015 da Deputación da Coruña por un total de **186.643,37 €** e que inclúe as seguintes obras:

- Mellora dos centros culturais nas parroquias de Vigo, Vilamourel, Quintas e Velouzás
- Mellora da praza pública de Chantada e acondicionamento e formación de parques biosaudables en Chantada, Viñas e Velouzás
- Mellora e acondicionamento da piscina municipal así como da sinalización do Concello
- Mellora da pavimentación nas parroquias de Souto, Velouzás e Viñas

## Saneamento Souto

Licitado en xullo de 2007 o contrato de obra: "**Saneamento na parroquia de Souto 2ª Fase. Paderne (A Coruña)**" por un importe total de **281.440,85 €**, por parte do Organismo Autónomo Augas de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, unha vez rematadas, o Concello de Paderne estaba á espera da súa entrega para poder facilitar ós veciños un servizo moi necesario.

Con data de **29 de marzo de 2016**, ven de procederse a cesión destas obras ó Concello de Paderne pasando a ser o destinatario final e titular das mesmas responsabilizándose da súa explotación, mantemento e conservación.

En breves datas, tódolos veciños da parroquia recibirán unha carta informativa acompañada por un documento de solicitude a fin de que, os que o desexen, teñan a posibilidade de beneficiarse deste servizo.



### Solicitudes ó Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)

- Para o proxecto de "**MELLORA E REXENERACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO NOS LUGARES DE GAS E PORTO**", o Concello ven de solicitar unha achega de **49.842,68 €** en base á Resolución de 10 de maio de 2016 pola que se establecen as bases de subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.
- Para o proxecto de "**INSTALACIÓN DE DÚAS ESTUFAS DE PELLETS NOS LOCAIS DE QUINTAS E VILAMOUREL**", o Concello ven de solicitar unha achega de **5.315,98 €** en base á Resolución de 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feader-Galicia 2014-2020.

### Solicitude á Axencia de Turismo de Galicia

- Para o proxecto de "**SINALIZACIÓN DE RUTA DE SENDEIRISMO NO CONCELLO DE PADERNE (MUÍÑOS DE CHANTADA – OBSERVATORIO ORNITOLÓXICO)**", o Concello ven de solicitar unha achega de **17.627,72 €** en base á resolución do 19 de febreiro de 2016 de subvencións a concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística a pequena escala, mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

### Solicitude á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

- Para o proxecto de "**ELABORACIÓN DUNHA ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE MUNICIPAL**", O Concello ven de solicitar unha achega de **3.334 €** en base á Orde do 16 de abril de 2016 pola que se establecen as bases para a asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación públicas cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

### Solicitude á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Para o proxecto de "**Mellora da accesibilidade nos centros culturais de Velouzás e Souto**" en base á Orde do 11 de marzo de 2016 de subvencións a concellos de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, o Concello de Paderne ven a solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha axuda de **15.612,44 €** para o proxecto de "**Mellora da accesibilidade nos centros culturais de Velouzás e Souto**".

Esta obra ten como obxectivo ir adaptando os locais municipais ás necesidades de tódalas persoas independentemente da súa condición física.

### Solicitude á Consellería do Mar

- Para o proxecto "**ESTUDO DE SUSTENTABILIDADE PARA ESPAZO DE INCUBACIÓN EMPRENDEDORA**", vense de solicitar unha axuda de **51.425 €** en base á Orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases de axudas para proxectos ó abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas ós grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020.

# Día da Familia

Sábado 27 de Agosto

Un día para a  
unión de todos

- 13:00 h. Chegada das familias
- 13:30 h. Actuación do grupo de gaitas da Charanga DGT  
Degustación de caza e viño de Paderne
- 14:30 h. Saúda do Alcalde  
Comida
- 16:00 h. Comezo dos xogos ó aire libre (inchables,  
festa da espuma, toro mecánico, campionatos)
- 16:00 h. Xogos de mesa (parchís, cartas, dominó)
- 17:00 h. Actuación da Charanga DGT
- 20:30 h. Baile
- 22:30 h. Sesión de fogos artificiais  
Queimada

